



Aliad
Ultreia

MEMORIA 2018



ÍNDICE

A NOSA HISTORIA	4
MISIÓN	5
VISIÓN.....	5
VALORES	6
EQUIPA	7
ONDE ESTAMOS	8
NÓS EN 2018	8
TRABALLO EN REDE	10
PERTENZA A REDES.....	10
ENTIDADES COLABORADORAS	10
ENTIDADES FINANCIADORAS	11
ALIADAS	13
PROGRAMA SENLLEIRAS	14
PROGRAMA DONAS.....	15
CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO.	19
ACCIÓNS FORMATIVAS.....	20

ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS.....	21
PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!	22
PROGRAMA PASO A PASO.....	23
PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE.....	24
PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NO CENTRO PENAL DE MONTERROSO.....	25
 ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS.....	 28
PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.....	29
 SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL	 30
CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN	31
CHARLAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN	36
OBRADOIROS EN CENTROS EDUCATIVOS	37
ACTIVIDADES EDUCATIVAS CON VOLUNTARIAS E USUARIAS DA ENTIDADE.....	38
 VOLUNTARIADO	 39
INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO	40
FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO	41
RECOÑECEMENTOS	42
 AS CONTAS CLARAS.....	 43
BALANCE ECONÓMICO.....	44
GASTOS 2018	44
INGRESOS 2018	44



A NOSA HISTORIA

Aliad Ultreia ten as súas orixes na asociación ALIAD (**Asociación Luguesa de Información e Axuda ao Drogodependente**), fundada en **1984** na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (medicina, psicoloxía, profesorado...) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das **drogodependencias** e atender o conxunto de necesidades que este xera. Nun principio, o seu ámbito de actuación era a prevención e tratamento de drogodependentes, pero ALIAD pronto se especializaría na area de incorporación social.

A actividade de ALIAD esténdese ao pouco tempo ao interior dos centros penais da provincia de Lugo para abordar problemáticas derivadas do **consumo de drogas** e a estadía na **prisión**. Este programa desenvólvese na actualidade dentro e fóra dos centros penais cun enfoque máis amplo e unha atención máis integral.

En **2006**, a Xunta de Galicia declarou a Aliad **entidade de interese Galego en materia de drogodependencias** (Orde do 19 de setembro de 2006, publicada no DOGA do 6 de outubro de 2006).

No ano **2010**, a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse Aliad Ultreia, debido á ampliación do seu ámbito de actuación debido á identificación de novas realidades sociais que era preciso abordar como son **as violencias de xénero**, incluída a **trata e explotación sexual**.

En **2014**, Aliad Ultreia obtén a **declaración de utilidade pública** acolléndose a lei 49/2002.



MISIÓN

Promoción da **mellora na calidade de vida das mulleres e homes** a través dunha **atención integral** a persoas en risco de exclusión por razóns físicas, ambientais, económicas, culturais, ou de calquera outra natureza.

VISIÓN


Aliad Ultreia pretende ser un **recurso de incorporación** que facilite a integración social proporcionando:

- Información e sensibilización sobre as distintas problemáticas coas que traballa.
- Formación dirixida aos colectivos e sectores sociais que garden relación, directa ou indirecta, coa problemática tratada.
- Atención psicolóxica, xurídica, laboral, sanitaria,... contando para isto cunha equipa multidisciplinar que desenvolve os distintos programas e proxectos.
- Acompañamento a recursos sociais, de formación, vivenda...
- Colaboración, establecendo relacións e nexos de unión con diversas entidades públicas e privadas, locais, autonómicas, nacionais, que contribúan a acadar o mesmo fin para o cal foi creada Aliad Ultreia.
- Traballos de investigación que detectan novas problemáticas sociais e que ao mesmo tempo serven de base para a planificación de futuras accións.



VALORES





EQUIPA

Aliad Ulteira ten como órgano de goberno a Asemblea Xeral que está integrada por todas as persoas socias.

A xestión e representación da entidade recae na Xunta Directiva, cuxos membros no 2018 foron:


Presidente: Manuel Varela Veiga.

Tesoureira: María Gloria Pernas Teijeiro.

Vicepresidenta: Ana Luísa Posada Luaces .

Vogal: Amanda Díaz Pena.

Secretaria: Rosa Marina Zas Castro.



A entidade conta cunha equipa profesional cualificada e con ampla experiencia nos diferentes ámbitos de traballo. Contamos con **9 persoas** (8 mulleres e 1 home) contratadas a tempo completo e dúas máis, unha psicóloga e un avogado, por conta allea.



ONDE ESTAMOS



Aliad Ultreia dispón de instalacións propias situadas na **rúa Milagrosa nº 99-101**, na cidade de Lugo.

Aquí atópanse as oficinas, despachos, sala de xuntas, aula de formación e informática así como un apartamento totalmente equipado para o desfrute de permisos penais.

Tamén podes atoparnos en redes



NÓS EN 2018



**1.344 PERSOAS
ATENDIDAS**
741 MULLERES E 603
HOMES



**66 PERSOAS
SOCIAS**




**42 PERSOAS
VOLUNTARIAS**



**14 PROGRAMAS E
PROXECTOS
REALIZADOS**



**CONTANDO CON
272.155,50
EUROS DE
INGRESOS**



Drogedependencias

Programa xurídico social

Asesoramento legal e coordinación cos diferentes axentes implicados.

Medidas alternativas

Traballos en beneficio da comunidade.

Preparación á liberdade

Obradoiros grupais (C.P. Monterroso)

Paso a paso

Itinerarios de inserción e obradoiros de preparación para a liberdade.
(C.P. Bonxe e Monterroso)

Preparados, listos, xa!

Apartamento para a disfrute de permisos de saída e para preparar a vida en liberdade.
(C.P. Bonxe e Monterroso)

Plan de Animación Sociocultural

Coordinación, participación e apertura do centro á comunidade.
(C.P. Monterroso)

Programa Donas

Atención individualizada a mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual.

Muller en vulnerabilidade

Atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular

Tecendo futuro

Itinerarios e obradoiros formativos orientados á inserción social e laboral de mulleres en situación de vulnerabilidade.

Incidencia social e voluntariado

Promoción da participación social na mellora das condicións de vida das persoas coas que traballamos, na promoción de contextos de vida inclusivos e na transformación da realidade social a través do voluntariado.
Traballo en rede con colectivos e entidades afíns, en accións de mobilización social e defensa de dereitos.

Formación e sensibilización social

Accións de formación en centros educativos de secundaria, concellos, etc., en temática de xénero e prostitución; así como en universidades e outros espazos de reflexión académica e profesional, achegando a realidade dos nosos colectivos e a nosa óptica e metodoloxía de traballo.
Campañas de sensibilización a través de redes sociais e elaboración de materiais (dípticos, cartaces, prensa, etc.)

Soporte xeral da entidade

- Formulación de proxectos, seguimento e xustificación dos mesmos. Busca de financiamento. Xestión de persoal.
- Difusión dos programas e iniciativas da entidade a través de redes sociais e medios de comunicación.
- Fortalecemento das redes de coordinación e comunicación coas Administracións públicas e outros axentes sociais (terceiro sector, empresas, etc.)



TRABALLO EN REDE

PERTENZA A REDES



Rede TIL
Técnicas/os de Inserción Laboral

RELUVOL
Rede Lucense de Voluntariado

ENTIDADES COLABORADORAS



**CONCELLO DE
MONTERROSO**





ENTIDADES FINANCIADORAS



ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS





Dentro desta área ofrécese atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** nas súas múltiples manifestacións (física, psicolóxica, sexual, económica e social) dando unha **resposta integral**.

Dentro do programa cóntase con dúas liñas dirixidas a:

- ♦ **Mulleres en situacións de vulnerabilidade:** atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular.

Aliad ofrece un recurso integral de apoio e acompañamento a mulleres ao longo de itinerarios individualizados e flexibles atendendo as necesidades básicas, atención social, psicolóxica, sanitaria, orientación laboral e asesoramento xurídico.

- ♦ **Mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual,** trabállase nos espazos de exercicio da prostitución e dando atención e cobertura integral ás mulleres, ofrecendo aloxamento e atención especializada de carácter xurídico, social, psicolóxico, sociosanitario e de orientación laboral.

PROGRAMA SENLLEIRAS

Atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** e/ou **mulleres migrantes en situación administrativa irregular**.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral. A finalidade do programa é fortalecer nas mulleres as súas ferramentas persoais, psicolóxicas, laborais e



112 MULLERES
ATENDIDAS
47 CON ITINERARIO



452 ATENCIÓNS
SOCIAIS E
ACOMPANHAMENTOS




ATENCIÓN PSICOLÓGICA A
12 MULLERES CON 65
ATENCIÓNS INDIVIDUAIS



ORIENTACIÓN
LABORAL A 24
MULLERES CON 41
INTERVENCIÓN



ASESORAMENTO
XURÍDICO A 48
MULLERES EN
191 ATENCIÓN
INDIVIDUAIS



MEDIACIÓN SOCIAL
CON 11 MULLERES
EN 18
INTERVENCIÓN

educativas que axuden a superar a súa situación de vulnerabilidade e crear un espazo de participación na procura da igualdade en diferentes eidos da vida.

PROGRAMA DONAS

Desde o ano 2010 véñse traballando para abordar unha das formas máis invisibilizadas de violencia de xénero: **a trata con fins de explotación sexual**, centrando a acción na defensa dos dereitos das mulleres vítimas desta violencia de xénero e a sensibilización á sociedade.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral, ofrecendo os servizos detallados dentro do Programa Donas.

Durante o ano **2018**



ATENDEMOS A 75
MULLERES EN
SITUACIÓN
EXPLOTACIÓN SEXUAL



REALIZAMOS MÁIS DE
400 ACTUACIÓNS
SOCIAIS



ASESORAMOS
XURÍDICAMENTE A 41
MULLERES



OFRECEMOS ATENCIÓN
PSICOLÓGICA A 10
MULLERES E
2 CRIANZAS



REALIZAMOS
ACOMPÑAMENTOS
XUDICIAIS
35 VÍTIMAS TRATA

SEXUAL DO CASO CARIOCA

Dentro deste programa desenvólvense:

Visitas a lugares de exercizo da prostitución



**CONTACTAMOS
CON 273
MULLERES EN
PROSTITUCIÓN**

Este proxecto realiza actuacións nos lugares onde se exerce a prostitución (clubs, pisos por toda a provincia e barrio da Tinería en Lugo), buscando establecer contacto coas **mulleres en situación de prostitución** e crear un vínculo de confianza con elas para que, en caso de necesidade de información ou atención, acudan á asociación.

Nas visitas realízanse **obradoiros** sobre **recursos sociais de Lugo** e **infeccións de transmisión sexual**.



**DESEÑAMOS UN
PLAN
INDIVIDUAL CON
158 MULLERES**

Os **servizos** que se lles ofrecen son: **asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación laboral, formación, atención social e sanitaria**, a parte de **información doutros recursos sociais** máis axeitados á súa demanda.

Talleres sanitarios e información sobre vih para mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual e mulleres que exercen a prostitución

Realizáronse durante o ano 2018:

- **Talleres sanitarios**, sobre o VIH, ITS e o papiloma humano, dentro dos clubs, pisos e no barrio da Tinería onde se atopan as mulleres en prostitución.
- Reparto de **preservativos** e de folletos informativos, tanto no local de Aliad Ultreia como durante as visitas.
- **Proba rápida do VIH**. Somos un centro colaborador coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública (DXIXSP) e contamos no noso local coa infraestrutura e as profesionais axeitadas para a realización da proba rápida reactiva e para dar un consello asistido pre e post-proba.
- **Atención Social e mediación sociosanitaria** para a realización de probas de ITS e probas xinecolóxicas.
- **Acompañamento sanitario e recollida de medicación** en casos de VIH



**VISITA A 23
CLUBES NA
PROVINCIA LUGO**



**16 PROBAS
RÁPIDAS DO
VIH**



**PARTICIPACIÓN DE
273 MULLERES EN
SITUACIÓN
PROSTITUCIÓN**

CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO.



**CASA DE
ACOLLIDA
MULLERES
VÍTIMAS
EXPLOTACIÓN
SEXUAL**



**5 PRAZAS
INCLUINDO
FILLAS/OS**

Contamos cunha vivenda dirixida a **mulleres e as súas crianzas** que, tras abandonar a **situación de prostitución e/ou explotación sexual**, precisan dun período de restablecemento e redeseño do seu proxecto persoal e da súa posta en marcha.

Préstase especial atención ás mulleres inmigrantes, principais vítimas destes delitos, cunha situación de maior vulnerabilidade debido á falta de redes sociais e descoñecemento dos servizos e contexto, ao ser o sustento económico da súa familia en orixe, a súa situación administrativa irregular...

A apertura do piso produciuse no mes de novembro de 2018. Durante eses dous meses do ano **dúas mulleres** foron acollidas.

Vivenda financiada polo Concello de Lugo

ACCIÓN FORMATIVA

O traballo individualizado coas persoas complementábase con accións de traballo grupal, de carácter formativo, de participación e de creación de vínculos sociais.

Realizouse o **curso pre-laboral Tecendo futuro** traballando aspectos como o coñecemento persoal, a cohesión grupal, as habilidades sociais, a autoestima, a formación en novas tecnoloxías e a orientación laboral.



CURSO "TECENDO FUTURO"

PARTICIPARON 8 MULLERES



PARTICIPARON 8 MULLERES

No verán desenvolvemos un curso de autocoidado e o lecer. No **Curso de hábitos saudables** traballamos:

- ◆ Os tres piares da saúde
- ◆ Cociña saudable
- ◆ Ioga e relaxación
- ◆ Ruta de sendeirismo.

Ademais desenvolvéronse clases para a **preparación de exames de idioma español DELE** e de **Coñecementos Constitucionais e Socioculturais de España (CCSE)** dentro do **Curso para a obtención da nacionalidade española**.



CLASES CULTURA
PARTICIPARON 8 MULLERES



CLASES ESPAÑOL
PARTICIPARON 5 MULLERES



COIDA A TÚA SAÚDE

TALLER DE HáBITOS SAUDABLES

DÍA 21: OS TRES PIARES DA SAÚDE
DÍA 23: COCIÑA SAUDABLE
DÍA 28: IOGA E RELAXACIÓN
DÍA 30: RUTA DE SENDERISMO

ORGANIZA



A photograph of four people sitting at desks in a room with large windows and red curtains. The people are seen from behind, looking out the windows. The room appears to be a library or a computer lab. The text 'ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS' is overlaid on the bottom half of the image.

ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS

PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!



PRISIÓNS BONXE E MONTERROSO



PISO PARA DESFROUTE PERMISOS PENAIIS

Os destinatarios son **homes e mulleres presas** nos **Centros Penais de Bonxe e Monterroso** e que estean desfrutando de **permisos penais**.

A finalidade é tutelar e acompañar a persoas con problemas de drogodependencias ou con falta de redes de apoio ao longo dun itinerario que persigue organizar, planificar e orientar o desfrute dos permisos de saída penais e os primeiros momentos en liberdade.

Para a posta en práctica deste proxecto Aliad Ultreia conta cun **apartamento totalmente equipado no seu local**. Desde o mes de xullo de 2018, alégase un piso para trasladar este recurso fóra das instalacións da entidade, pendente da aprobación pola Xunta de Galicia.

Realízase coas persoas un **itinerario integral individualizado**: atención social, asesoramento legal, acompañamento a recursos e actividades de lecer saudable, mediación familiar e social...

Programa financiado pola Deputación de Lugo

PROGRAMA PASO A PASO

O programa desenvólvese con **persoas reclusas do Centro Penal de Bonxe e do de Monterroso** que disten da liberdade entre 0 e 2 anos e teñan posibilidades de permanencia en España unha vez saian en liberdade. Tamén son potenciais beneficiarias as persoas ex reclusas e as que saen da cadea e necesitan atención nos primeiros momentos de liberdade.

A finalidade é que as persoas reclusas e/ou ex reclusas melloren, mediante o desenvolvemento dun **proxecto de inclusión social e/ou socio laboral personalizado**, as súas capacidades persoais de cara á súa empregabilidade e inclusión social.

Por medio do deseño coa persoa dun itinerario individualizado faise seguimento e atención nos diferentes ámbitos: mediación social, orientación social e laboral, apoio socioeducativo, apoio psicolóxico, asesoramento xurídico, accións socioeducativas coas familias, acompañamento social (recursos, tratamentos), formación e adquisición de habilidades para o emprego...

Este programa está financiado pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE

Dirixido ás **persoas reclusas** no **Centro Penal de Monterroso**. A finalidade é preparar a vida en liberdade de persoas reclusas, traballando cara unha autonomía persoal e social completas, mediante a realización de **obradoiros grupais e actuacións individuais**.

Obradoiros grupais:

- Habilidades sociais
- Autoestima
- Igualdade de xénero
- Xestión de Emocións
- Recursos sociais e comunitarios
- Orientación Laboral

Actuacións individuais: acompañamento e asesoramento social, familiar, xurídico, laboral... segundo as necesidades demandadas e percibidas.

Subvencionado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social na subvención do IRPF nacional a través da Unión de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente (UNAD).



**PRISIÓNS
BONXE E
MONTERROSO**



**PARTICIPARON
30 HOMES**

PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NO CENTRO PENAL DE MONTERROSO.

Con este proxecto apostamos pola **animación sociocultural** como **estratexia educativa** impulsora da **convivencia e participación comunitaria na cadea**. Conscientes dos límites á educación que a prisión comporta, búscase o reto de acrecentar a apertura da prisión á comunidade, así como de incrementar as posibilidades de participación en prisión.

Neste **2018** traballamos, xunto co **Grupo de investigación SEPA-Interea da USC**, por:

- ♦ **Incorporar a prisión aos circuítos socioculturais municipais**, mantendo reunións de coordinación co Concello de Monterroso e as asociacións do territorio.
- ♦ Incorporar no centro penal **actividades de carácter sociocultural**, formativo e físico-deportivo, a través de iniciativas de acción propostas por voluntariado e por entidades sociais do territorio.
- ♦ Apoiar propostas desde dentro, impulsadas por parte das propias persoas presas. Para elo, este ano formamos a un grupo de 9 internos no **Curso de Dinamizadores de actividades de tempo libre**, a través dun curso teórico-práctico de 250 horas de formación. Este grupo xerou unha **oferta de actividades físico-deportivas** para o verán (gymkana, atletismo, voleibol e xadrez) e impulsaron a **radio-podcast LibreMente**.



Como proceso de participación comunitaria, contamos coa colaboración de diversas entidades externas, entre elas a Asociación Melisa, a Federación Lucense de Atletismo, a asociación Xaquedrum, a asociación Agareso, a asociación cultural Trópico de Grelos e as entidades sociais e a propia corporación municipal do Concello de Monterroso.



**11 PROXECTOS
SOCIOCULTURAIS
IMPULSADOS**



**51 PARTICIPANTES
NAS ACTIVIDADES**




**18 PERSOAS
VOLUNTARIAS
IMPLICADAS**



**6 ENTIDADES
COLABORADORAS**

O Plan de Animación Sociocultural foi premiado este ano nos **Premios La Caixa á Innovación Social** nos que recoñecen o esforzo que realizan as entidades sociais, aportando solucións innovadoras ás problemáticas abordadas e transformando a evolución dos valores sociais.





Educacións en prisión. Experiencias en Galicia

Martes 30 de outubro de 2018
Auditorio do Centro Cultural
Vello Cárcere (Lugo)

Inscripción: ata 1 de outubro
Envío de experiencias: ata 17 de setembro
Máis info: convivenciaiprision.wixsite.com/planaso/seminario



Durante o 2018 organizamos o **Seminario “Educacións en prisión, experiencias en Galicia”** onde ademais de conferencias levouse a cabo a presentación de experiencias (17 iniciativas) e espazos de traballo en rede. A finalidade do Seminario foi a de propiciar un lugar de encontro e intercambio de experiencias, dende o que xerar unha rede de traballo orientada a fortalecer a perspectiva educativa nas prisións.



**PARTICIPARON 63
PROFESIONAIS**



**18 ENTIDADES CON
TRABALLO EN PRISIÓN EN
6 INSTITUCIÓN PENAIS
GALEGAS**



**3 CENTROS
FORMACIÓN
ADULTOS PRISIÓN
(EPAPU)**

Este proxecto é financiado pola Obra Social La Caixa, convocatoria de interculturalidade e inclusión social, contando tamén co financiamento en temas de voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, e cos fondos aportados pola rede de investigación Rinef-CISOC, a través do Grupo SEPA-interea.

A weather vane is mounted on a white, weathered pole. The vane has a horizontal arm with a dark, rusted arrow pointing towards the upper left. Below the horizontal arm, there are several vertical arms with different shapes, including a large 'E' and a smaller 'V'. The background is a clear blue sky with some light, wispy clouds.

ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS

PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

Dirixido a **persoas drogodependentes** con **procesos xudiciais pendentes**



**ATENDEMOS A
192 PERSOAS
(180 HOMES E
12 MULLERES)**

- ♦ Apoio e asesoramento no seguimento de todo o proceso xudicial:
- ♦ Facendo fincapé en que conste acreditada en sentenza a toxicomanía de cara a solicitar alternativas á prisión, e mesmo a solicitude das distintas alternativas se é o caso.
- ♦ Incidindo na proposta de alternativas á prisión (situación preventiva) así como a derivación a recursos de tratamento no exterior (persoas penadas).
- ♦ No caso das persoas penadas e con medidas alternativas (suspensións ou substitucións de condena) facilitamos o cumprimento destas na nosa entidade (Traballos en Beneficio da Comunidade- TBC, seguimento de suspensións de condena).

Coas persoas que cumpran condena na cadea, damos cobertura tamén a cuestións relacionadas co Réxime Disciplinario Penal, realizando asesoramento xurídico, xestións e escritos.

Programa financiado por a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia dentro do Plan de Drogas de Galicia.

A high-angle, night-time photograph of a massive crowd of people filling a city street. The crowd is dense, with many individuals holding up small, illuminated signs and larger banners. One prominent banner in the upper left reads "SOLO DERECHO A NO SER". The street is lined with buildings on the right, and the scene is lit by streetlights and the glow of the signs. The overall atmosphere is one of a large-scale public demonstration or protest.

SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL

CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

Este ámbito é fundamental no accionar da entidade, entendendo a intervención como un continuo que debe incidir nas causas das problemáticas coas que traballamos. Buscamos fomentar a **sensibilización**, a **participación cidadá**, e **incidencia social** en relación a temas invisibilizados ou non abordados.

Esta área conta cunha forte presenza do **voluntariado** da entidade, que participa dende o inicio, dende as labores de planificación das campañas ata á mobilización social.

Realizamos diversas accións en datas sinaladas:

Día da Muller (8 marzo)

A entidade, uníndose á convocatoria internacional de folga de mulleres, pechou as oficinas o 8M baixo o lema “Se as mulleres paramos, párase o mundo”, participando da ruada nocturna reivindicativa ese día.



Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Persoas (23 setembro)

No que participamos na concentración diante do Concello lendo o manifesto, xunto con outras entidades.

Día Europeo contra a trata (18 outubro)

Como entidade parte da **Rede Galega contra a Trata Sexual** participamos das xornadas que se celebran anualmente, que no 2018 centráronse na demanda e a figura do puteiro.



VII xornada da rede galega contra a trata

por unhas novas masculinidades fora do mercado sexual

Rede galega contra a trata sexual
18 DE OUTUBRO
MUSEO MARCO DE VIGO
(RUA PRÍNCIPE, 54)
redegalega.blogspot.com

9:00 h. ACREDITACIÓN E BENVIDA
9:15 h. INAUGURACIÓN SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE / UNIVERSIDADE DE VIGO (UNIDADE DE IGUALDADE)
9:30 h. A CONSTRUCCIÓN DA SEXUALIDADE MASCULINA: COMO SE "FABRICA" UN PUTERO? LOLA FERREIRO DIAZ, DOUTORA EN MEDICINA
10:30 h. A RESPONSA XUDICIAL NOS DELITOS DA TRATA SEXUAL E PROSTITUCIÓN: QUE PAPEL XOGAN OS HOMES QUE PAGAN POR SEXO? PAZ FILGUEIRA, XUIZA
11:30 h. DESCANSO: MURALISTA EN DIRECTO B5C (AGRUPACIÓN DE ARTISTAS FEMINISTAS DE VIGO).
12:00 h. MESA REDONDA: MASCULINIDADES PROSTITUTES E ACTIVISMO FEMINISTA: QUE HAI DE NOVO? IVÁN SÁMBADE BADAERÍN, DOUTOR EN FILOSOFÍA AMELIA TIGANUS, ACTIVISTA EN FEMINICIDIO.NET
16:00 h. MESA REDONDA: O TRATAMENTO DA PROSTITUCIÓN DENTRO DA INDUSTRIA CULTURAL E MEDIÁTICA: HACIA ONDE IMOS? ISABEL DE UCAPILO, DIRECTORA DE CINE ANA SANMARTÍN LÓPEZ, VOCEIRA DE XORNALISTAS GALEGAS
17:00 h. PERFORMANCE: "O LAVADEIRO" B5 C
17:30 h. CLAUSURA, CONCELLO DE VIGO
ACTO EXTERNO (17 DE OUTUBRO, 20:00 h.): ATENEO CULTURAL E CINES NORTE DE VIGO "BLESSY: MUCHO MÁIS QUE UN DOCUMENTAL"

INSERCIÓN EN: [QR CODE]

XUNTA DE GALICIA
GOBERNACIÓN XERAL DE GALICIA
GOBERNACIÓN DE VIGO
Universidade de Vigo
CONCELLO DE VIGO
MARCO

Día internacional contra a violencia de xénero (25 Novembro).

A entidade participou cunha pancarta e co material gráfico da campaña contra a explotación na manifestación convocada:

~~A~~ TRABALLO MÁIS ANTIGO ~~A~~ DO MUNDO
VIOLENCIA



Tamén participamos nas accións de visibilización na muralla deseñadas polo Concello “Lugo en negro”

As accións levadas a cabo para dar a coñecer á poboación as condicións nas que se atopan as mulleres vítimas da explotación sexual e de denuncia dos valores e conductas asociadas a estas situacións son financiadas pola Deputación de Lugo dentro do Programa Donas.



Dende Aliad deseñamos unha campaña gráfica a través de viñetas para abordar, dende un enfoque abolicionista, os mitos entorno á explotación sexual de mulleres. Para o deseño gráfico contamos con “El Bigote de la Gioconda”

A finalidade era visibilizar a explotación sexual como violencia machista, poñendo a mirada sobre eses mitos que aínda existen en torno á prostitución que buscan normalizar a existencia de puteiros e minimizar os efectos e consecuencias que ten na vida das mulleres e na sociedade.

Os lemas da campaña foron **#ExplotacionSexualEViolencia** e **#PorQueSonAbolicionista**. Deseñáronse 8 viñetas e dous cartaces. Viñetas onde se cuestionan os mitos e se recollen datos e información que poñen en evidencia a súa falsidade, e un cartaz que recolle as medidas do modelo abolicionista da explotación sexual.

Foron difundidas polas redes sociais da entidade e imprimíranse unha vez rematada a campaña para ser empregadas como material didáctico e traballalas cos e coas adolescentes.



Segundo un estudo realizado en 9 países o 62% das mulleres en prostitución foron agredidas sexualmente/violadas.

Xustificar a violencia sexual contra algunhas mulleres para supostamente evitala noutras é xustificar que os homes non poden controlar o seu impulso sexual e que agredir sexualmente a mulleres e nenos en determinados contextos é tolerable, normalizando a violencia contra todas as mulleres.

"Non hai ningunha proba que indique que a prostitución reduce a cantidade de violacións senón que, polo contrario, diversos estudos sinalan que, en regras xerais, nas culturas onde hai prostitución hai máis violacións. En todo caso, non existe ningún outro crime, asasinato, roubo, etc., para o cal o discurso dominante diga: é un delito que non debe ser castigado, é un 'delito aceptable' (Tradutoras pola Abolición)

A única forma de evitar todas as violacións é non violar.

#ExplotacionSexualEViolencia #PorQueSonAbolicionista



A explotación sexual move 99.000 millóns de dólares anuais (OIT 2014). En España son 18.000 millóns de euros ó ano. Trátase do 3º negocio ilícito que máis diñeiro xera (despois das armas e a droga) un negocio que xera moitos cartos pero non precisamente para as mulleres en prostitución.

Quen máis se benefician son os proxenetas, donos dos clubs, tratantes, medios de comunicación e outras institucións e persoas que obteñen ganancias da explotación sexual das mulleres.

Do diñeiro xerado, os donos dos clubs quedase como mínimo co 40%, sen contar con outros custes que se lles carga ás mulleres como son servizos, débeda e sancións.

Na análise dos beneficios que acadaba un xornal de tirada nacional cos anuncios de contacto, por 3-4 páxinas determinouse que gáñanse 13.000 euros ó día, 400.000 euros ao mes e nun ano os beneficios son arredor de 5 millóns de euros. (Fundación Mujeres Progresistas)

#ExplotacionSexualEViolencia #PorQueSonAbolicionista


Esta campaña arrincou o 18 de outubro, no **Día Europeo contra a Trata de Persoas** e seguirá durante o ano 2019.

Campaña subvencionada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

CHARLAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Participamos en charlas e debates en diferentes espazos

MULLER, TRATA E PROSTITUCIÓN: ESCRAVITUD NO SÉCULO XXI



AMELIA TIGANUS
ACTIVISTA DE FEMINICIDIO.NET

ANA BARBA NÚÑEZ
EDUCADORA SOCIAL DE ALIAD ULTREIA

SALÓN ACTOS VELLO CÁRCERE
SÁBADO 29 SETEMBRO 12:00 h.



XXXII JORNADAS PENITENCIARIAS LUCENSES

“SOCIEDAD, DROGAS Y PRISIÓN”



ASOCIACIÓN PENITENCIARIA
CONCEPCIÓN ARENAL
LUGO

17 y 18 septiembre 2018
Centro Cultural Vello Cárcere
Avda. Anxo López Pérez 34 - Lugo

Generalitat de Catalunya
Centre d'Estudis Jurídics
i Formació Especialitzada

Generalitat de Catalunya
Departament
de Justícia

Taula rodona
Animació sociocultural a la presó
un projecte innovador del Centre Penitenciari
de Monterroso (Lugo)

A partir d'una proposta socioeducativa crítica, fonamentada en el paradigma de la investigació i l'acció participativa, els interns, professionals de vigilància, equip tècnic i entitats externes s'impliquen en l'anàlisi de la seva realitat amb l'objectiu de transformar-la. Per aconseguir-ho concreten una pla d'animació sociocultural que vol millorar la relació entre els diferents col·lectius, potenciar les possibilitats de participació i obrir la presó a la comunitat.

Aquesta és una experiència impulsada per l'Associació Aliad Ulteira i el grup d'investigació SEPA-Interea de la Universitat de Santiago de Compostela.

Presentació: Pilar Heras, directora general d'Execució Penal a la Comunitat i Justícia Juvenil (DGEJJ) i Amandi Calderó, director general de Serveis Penitenciaris (DGSP)

Ponents: Laura Cruz, Carmen Morán i María Barba, dinamitzadores del projecte

Destinatari: professionals de l'àmbit d'execució penal, amb prioritats dels equips de rehabilitació i règim interior dels centres penitenciaris, entitats col·laboradores (TPS), universitats i públic interessat en general

Centre d'Estudis Jurídics i Formació Especialitzada
17 d'abril, de 16.30 a 18.30 hores



Podeu realitzar la vostra inscripció fins a les 13.00 h del dia 17 d'abril en aquest [enllaç](#)

Amb la col·laboració de:



- ♦ “A investigación-acción participativa en prisión”, dentro do Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, da Universidad da Coruña
- ♦ “Animación sociocultural en prisión”, na materia de Animación e Xestión Sociocultural do Grado en Educación Social da Universidad de Santiago de Compostela.

OBRADOIROS EN CENTROS EDUCATIVOS

Como parte da **Rede Galega contra a Trata Sexual**, **Aliad Ulteira** conxuntamente con **Cáritas Lugo** realizamos obradoiros sobre trata con fins de explotación sexual institutos da provincia de Lugo, onde recibiron formación acerca da explotación sexual como forma de violencia de xénero. Esta actividade estaba enmarcada no Plan Proxecta “365 días de respecto e igualdade” da Consellería de Educación.

No ano 2018 participaron **5 centros da provincia**:



**PARTICIPARON
270 RAPAZAS
E RAPACES**

- Instituto de Educación Secundaria (IES) Ollos Grandes (Lugo): con 2 aulas de 2º da ESO
- IES Leiras Pulpeiro (Lugo): con 3 aulas de 2º da ESO.
- IES Gregorio Fernández (Sarria): cos grupos de 3º, 4º da ESO e 1º Bacharelato (BAC)
- Colexio Público Integrado Ramón Piñeiro (Láncara): co grupo de 2º e 3º da ESO.
- IES José Trapero Pardo (Castro de Rei): 2 grupos de 2º ESO.



ACTIVIDADES EDUCATIVAS CON VOLUNTARIAS E USUARIAS DA ENTIDADE

Realizáronse talleres formativos e creativos nos que as mulleres participaron de forma activa.

Obradoiro Coidarte

A finalidade deste taller foi empoderar ás mulleres vítimas de violencia mediante un proceso de creación conxunta dunha peza artística. Realizáronse un obradoiro para formar no papel das mulleres nas artes e outro relacionado co proceso creativo. Estes obradoiros foron impartidos por unha deseñadora gráfica **Carmen Granxeiro** con gran traxectoria na creación e execución de talleres de xénero vencellados ao deseño gráfico e o uso das novas tecnoloxías.

Taller de coidados

para xerar reflexión en torno aos coidados e ao autocoidado, a súa importancia na vida boa e a necesidade de incorporar o coidado nas nosas relacións afectivas como unha forma de bo trato e prevención da violencia de xénero. Neste obradoiro participaron tanto usuarias como voluntarias da entidade.

Este taller foi impartido pola **ONGD InteRed** que ten unha ampla traxectoria no traballo con grupos desde unha perspectiva de xénero e cunha potente campaña de coidados.

Todas as actividades e accións promovidas para a incidencia e sensibilización social son compartidas polas **redes sociais** de Aliad Ultreia.



**PARTICIPARON
100 PERSOAS
NAS ACCIÓNS
SENSIBILIZACIÓN**



**20.000 VISITAS
NAS NOSAS
REDES SOCIAIS**



VOLUNTARIADO



42 PERSOAS VOLUNTARIAS

INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO

Cóntase con persoas voluntarias que participan enriquecendo o traballo da nosa entidade nas diversas áreas de actuación.

En **prisión**, o voluntariado impulsou 8 proxectos de carácter sociocultural que contribuíron a acrecentar as posibilidades de participación e de acceso á cultura e a oportunidades de desenvolvemento persoal e social das persoas reclusas:

- **Club de cine**, 2 voluntarias, 10 presos
- **Conversando coa música**, 2 voluntarias, 13 presos
- **Curso de comunicación e xestión da voz**, 1 voluntaria, 9 presos
- **Curso de percusión**, 7 voluntarios, 12 presos
- **Obradoiro de monicreques**, 1 voluntaria, 7 presos
- **Autocoñecemento e desenvolvemento persoal**, 1 voluntaria, 11 presos
- **Revista Penitenciaria Trisquel**, 3 voluntarias, 32 presos
- **Ciclo de Concertos Armonía2**, 1 voluntaria e 3 bandas (Tato, Chamaquito Pistolas e Superglú), nos centros penitenciarios de Monterroso, Bonxe e Pereiro de Aguiar.
- **Colaboración no podcast LibreMente**, 1 voluntaria, 5 presos

Tamén se mantén o **acompañamento en permisos penitenciarios**, unha das liñas tradicionais de voluntariado de Aliad, da que participan 3 voluntarias.




No programa **Aliadas**, o voluntariado participa activamente nas **accións de sensibilización social** (ver apartado de sensibilización) polos días sinalados de loita contra a violencia de xénero, a trata e a explotación sexual e en defensa dos dereitos das mulleres, implicándose nestas accións 9 persoas voluntarias.

Contamos tamén coa participación de 3 voluntarias que fan **acompañamentos a mulleres**.

FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO

No proceso de formación e acompañamento a persoas voluntarias, este ano impulsamos o **Curso (auto)coidado emocional e vitaminas para a alma**, dinamizado pola psicóloga Sara Corredoira, do que participaron 15 persoas.


Tamén quixemos facer un esforzo especial por visibilizar voluntariado en prisión, elaborando un **vídeo** no que visibilizar as iniciativas que están a impulsar as nosas voluntarias e o carácter transformador das mesmas. O vídeo foi presentado no **Congreso Estatal de Voluntariado**, celebrado en Ourense e difundido a través de redes sociais e plataformas de voluntariado e da entidade.



RECOÑECEMENTOS

A experiencia de voluntariado en prisión contou neste 2018 con varios **recoñecementos**:

- ♦ Seleccionada como un dos proxectos seleccionados pola **Unión de Asociacions e Entidades de Atención ao Drogodependente (UNAD)** polo seu carácter innovador, calidade e impacto na vida dos presos.
- ♦ Premiada polo seu carácter innovador e de transformación social nos **Premios da Rede Lucense de Voluntariado 2018**.



Entidades da Rede Lucense de Voluntariado que organizan:



Entidades que colaboran:





AS CONTAS CLARAS

BALANCE ECONÓMICO


GASTOS 2018

GASTOS DE PERSOAL	229.067,52
SERVIZOS XURÍDICOS	13.979,00
SERVIZOS PSICOLÓXICOS	6.180,00
FORMACIÓN (USC)	1.000,00
ALIMENTACIÓN	720,76
MATERIAL DE OFICINA	979,83
OUTROS APROVISIONAMENTOS	2.488,78
AXUDAS MONETARIAS (AXUDAS E GASTOS DE DESPLAZAMIENTO DE EQUIPO TÉCNICO E VOLUNTARIADO)	6.178,76
GASTOS DA ACTIVIDADE (XESTORÍA, SEGUROS, TELÉFONO, ELECTRICIDADE, ALUGUERES, LIMPEZA, REPARACIÓNS...)	38.470,29
AMORTIZACIÓN DE INMOBILIZADO	4.310,56
GASTOS FINANCIEROS	784,70
SUBVENCIONES TRASPASADAS AO RESULTADO DO EXERCICIO	-3.841,02
TOTAL GASTOS	300.319,18

INGRESOS 2018

SUBVENCIONES, AXUDAS, DOAZÓNS, LEGADOS...	267.858,50
OUTROS (COTA SOCI@S, COLABORACIÓNS...)	4.297,00
TOTAL INGRESOS	272.155,50

Distribución fondos por área



Ingresos por doante

■ Consellería de Sanidade

■ UNAD

■ La Caixa

■ Consellería de Traballo


■ Deputación de Lugo

■ Secretaria Xeral da Igualdade

■ Concello de Lugo

■ Consellería de Pol. Social

■ Outros (premios, formacións, doazóns, cuotas socias, mercadillo...)





Rúa Milagrosa, 99-101, 27003 Lugo

982 251 948 - 655 395 940

info@aliad.org

www.aliad.org



Aliad-Ultreia



@AliadUltreia



ongaliad.wix.com/voluntariado